

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
INFORME DE VALORACIÓN
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE
XUIZOS DE VALOR (SOBRE A)

EXPEDIENTE Nº 2022006715

PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA SUBMINISTRACIÓN, TRANSPORTE E INSTALACIÓN DE CAIXÓNS DE ALMACENAXE DE ESTRUTURANTE E BANCOS PARA FERRAMENTAS NOS CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, TANTO PARA OS XA INSTALADOS COMO PARA AS NOVAS INSTALACIÓNS QUE SE POIDAN PRODUCIR.



INTRODUCCIÓN

O obxecto deste informe é valorar os criterios que dependen dun xuízo de valor das ofertas que as empresas licitadoras presentaron no procedemento aberto simplificado, convocado pola Deputación de Pontevedra, para a contratación da subministración de diverso material preciso para os procesos de compostaxe.

Debido á propia natureza do contrato a valoración de cada lote realizarase de maneira independente. Os lotes son os seguintes:

- **LOTE 1.- Caixón de estruturante** (CPV 44613400-4 contedor de almacenamento). Caixóns de almacenaxe do estruturante necesario para realizar o proceso de compostaxe nas mellores condicións técnicas, que se colocarán nos centros de compostaxe comunitaria (CCC) localizados en diferentes puntos da provincia de Pontevedra.
- **LOTE 2.- Banco de ferramentas** (CPV 44614100-8 recipientes de almacenamento). Bancos para gardar as ferramentas que se utilizan para o mantemento dos centros de compostaxe, como forca, pala, manguera, etc.

De acordo co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), e para cada lote, as empresas licitadoras incluírán no “sobre A” a documentación administrativa e a oferta técnica avaliable mediante criterios suxeitos a xuízos de valor.

As empresas licitadoras deberán presentar unha memoria técnica descritiva dos elementos a subministrar, que deberán cumprir o especificado no Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

De acordo co disposto no PPT “*O incumprimento dalgunha das especificacións técnicas definidas anteriormente, darán lugar a exclusión da oferta presentada.*”.

CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR

Segundo o establecido no PCAP as propostas presentadas puntuaranse neste apartado cun **máximo de 25 puntos**, e deberán alcanzar un mínimo do 50% da puntuación para continuar co proceso de avaliación, de conformidade cos seguintes criterios avaliables mediante xuízos de valor:

LOTE 1: contratación da subministración, transporte e instalación de caixóns de almacenaxe de estruturante nos centros de compostaxe comunitaria da provincia de Pontevedra, tanto para os xa instalados como para as novas instalacións que se poidan producir.



	PUNTOS
1.- Deseño, robustez e facilidade operativa dos caixóns de estruturante: valorarase a ergonomía da tapa, a facilidade de manexo por parte das persoas usuarias, a robustez dos caixóns, a facilidade de manobra que permita executar as operacións de enchido de colocación no interior dun saco tipo big-bag de material estruturante; tamén se valorará o aspecto estético.	15
1.1.-Ergonomía da tapa. Valorarase que a forma da tapa sexa tal que pechada non permita a entrada da auga da choiva no seu interior, ou calquera outro líquido, nin a acumulación de auga sobre elas de xeito que non exista posibilidade algunha de escorrer ata o interior pola acción da súa apertura; ademais, terase en conta a facilidade de manexo polas persoas usuarias para coller o material estruturante para o seu uso durante o proceso de compostaxe.	6
1.2.-Robustez dos caixóns e manobras de enchido de estruturante. Valorarase a firmeza e resistencia mecánica dos caixóns e a facilidade de manobra para colocar os sacos bigbag de estruturante no seu interior.	5
1.3.- O aspecto estético. Valorarase a súa integración estética e visual cos CCC.	4
2.- Factores ambientais. Uso de materiais reciclados ciclo de vida:	10
2.1.-Material utilizado na súa fabricación. Valorarase que os caixóns estean fabricados con material reciclado.	4
2.2.-No caso de que o material utilizado para a fabricación dos caixóns procedan de plantacións sustentables, deberán acreditarse a correspondente certificación PEFC, FSC ou similares.	3
2.3.- Valorarase o protocolo de recollida e tratamento unha vez que os caixóns pasen a ser un residuo.	3
TOTAL:	25

LOTE 2: contratación da subministración, transporte e instalación de bancos para gardar as ferramentas que se utilizan para o mantemento dos centros de compostaxe (forca, pala, mangueira, etc.) da provincia de Pontevedra, tanto para os xa instalados como para as novas instalacións que se poidan producir.

	PUNTOS
1.-Deseño, robustez e facilidade operativa dos bancos para ferramenta: valorarase a ergonomía da tapa para evitar a entrada de auga no seu interior, a facilidade de manexo polas persoas usuarias e as características específicas de deseño dos bancos para ferramentas en canto a robustez, forma e características de todos os seus elementos; tamén se valorará o aspecto estético.	15
1.1.- Ergonomía da tapa. Valorarase que a forma da tapa sexa tal que pechada non permita a entrada da auga da choiva no seu interior, ou calquera outro líquido, nin a acumulación de auga sobre elas de xeito que non exista posibilidade algunha de escorrer ata o interior pola acción da súa apertura; ademais, terase en conta a facilidade de manexo polas persoas usuarias.	6
1.2.-Robustez dos bancos. Valorarase a firmeza e resistencia mecánica dos bancos.	5
1.3.-O aspecto estético. Valorarase a súa integración estética e visual cos CCC.	4



2.-Factores ambientais. Uso de materiais reciclados ciclo de vida (máximo 10 puntos):	10
2.1.-Material utilizado na súa fabricación. Valorarase que os bancos estean fabricados con material reciclado	4
2.2.-No caso de que o material utilizado para a fabricación dos bancos procedan de plantacións sustentables, deberán acreditarse a correspondente certificación PEFC, FSC ou similares	3
2.3.-Valorarase o protocolo de recollida e tratamento unha vez que os bancos de ferramentas pasen a ser un residuo.	3
TOTAL:	25

De acordo coa información facilitada polo servizo de contratación, a única empresa licitadora que se presentou ao procedemento aberto simplificado obxecto do presente informe técnico é **VERMICAM SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L.**

CUESTIÓN PREVIA

Como cuestión previa é necesario advertir que a oferta presentada por VERMICAM SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L. debe analizarse coa limitación que supón a ausencia de concorrencia competitiva neste procedemento, o que impide acudir a unha comparativa entre distintas ofertas como mellor método de valoración neste tipo de contratos.

DETALLE PORMENORIZADO DA OFERTA

LOTE 1: CAIXÓNS DE ESTRUTURANTE (mostra rexistrada o 10.05.2022 ás 10:00:27 co número 2022012864).

Unha vez comprobado que a oferta técnica presentada pola empresa Vermican cumpre con todos os requisitos técnicos contemplados no PPT, procedemos á súa valoración atendendo a cada un dos criterios baseados en xuízos de valor definidos no PCAP.

1.- Deseño, robustez e facilidade operativa dos caixóns de estruturante (máximo 15 puntos).

O caixón de estruturante ofertado ten unhas dimensións de 110 cm de altura e 120 cm de lado. As dúas paredes laterais e a parede traseira están fabricadas en plástico reciclado mentres que a tapa superior e a parede frontal están fabricadas en taboleiro hidrófugo contrachapado tipo wisa.

Os caixóns teñen un peso de 144 kg aproximadamente e todos os seus elementos están exentos de CFC.

A tapa superior está dividida en dúas partes formando un tellado a dous augas e está deseñada cun voo perimetral que impide a entrada de auga de choiva no seu interior. Esta permite unha apertura de 180 grados que facilita o acceso ao interior do caixón e conta cun sistema para suxeitala.



O caixón contará cun sistema de peche que impedirá a apertura involuntaria por acción do vento. Sen embargo, por cuestión de tempo, este sistema non foi incluído na mostra pero si se incorporará nos caixóns fabricados; e serán entregados cun adhesivo resistente á intemperie de dimensións 30x30 cm.

A parede dianteira do caixón permite unha pequena apertura lonxitudinal que facilitará o acceder ao estruturante.

Unha vez analizado o caixón de mostra, concluímos que:

- ✎ Presenta unha robustez e estabilidade aceptable ao movemento.
- ✎ Polas súas dimensións facilita a colocación dos sacos de estruturante no seu interior.
- ✎ Presenta unha continuidade estética ao ser fabricado cos mesmos listóns que as unidades dos centros de compostaxe.
- ✎ O deseño da tapa impide a entrada de auga de choiva no interior e un fácil acceso ao estruturante.





2.-Factores ambientais. Uso de materiais reciclados ciclo de vida (máximo 10 puntos):

A oferta de Vermican indica que o material utilizado para a fabricación dos caixóns é 100% reciclado e reciclable. Os principais compoñentes de plástico son: polietileno (LDPE/HDPE) e polipropileno (PP).

As partes do caixón non fabricadas en plástico reciclado están construídas en taboleiro contrachapado hidrófugo tipo wisa. A madeira utilizada na súa fabricación contén o selo PEFC de manexo sostible e custodio da cadea de subministro da madeira e presenta emisións de formaldehido por debaixo dos requisitos legais, así como de metais pesado e outros elementos químicos.

A vida útil do plástico reciclado é de 20 anos.

O taboleiro está feito exclusivamente de chapas de bidueiro cruzadas e alternas e conta coa certificación ISO 14001 e 9001, e dicir, normas que establecen os requisitos internacionais para os sistemas de xestión ambiental e normas de sistemas de xestión de calidade que se centran nos elementos de administración da calidade da organización que permitirá administrar e mellorar os seus produtos e servizos.

A empresa comprométese a realizar a recollida dos caixóns unha vez finalice a súa vida útil no almacén que dispoña a Deputación de Pontevedra e trasladalos ata un punto de reciclaxe ou ben restauralos e reutilizalos.

3.- CADRO DE VALORACIÓN

No seguinte cadro resúmese a puntuación obtida pola empresa Vermicán para o Lote 1:



	PUNTOS	VERMICAN
1.- Deseño, robustez e facilidade operativa dos caixóns de estruturante: Valorarase a ergonomía da tapa, a facilidade de manexo por parte das persoas usuarias, a robustez dos caixóns, a facilidade de manobra que permita executar as operacións de enchido de colocación no interior dun saco tipo big-bag de material estruturante; tamén se valorará o aspecto estético.	15	10
1.1.-Ergonomía da tapa. Valorarase que a forma da tapa sexa tal que pechada non permita a entrada da auga da choiva no seu interior, ou calquera outro líquido, nin a acumulación de auga sobre elas de xeito que non exista posibilidade algunha de escorrer ata o interior pola acción da súa apertura; ademais, terase en conta a facilidade de manexo polas persoas usuarias para coller o material estruturante para o seu uso durante o proceso de compostaxe.	6	4
1.2.-Robustez dos caixóns e manobras de enchido de estruturante. Valorarase a firmeza e resistencia mecánica dos caixóns e a facilidade de manobra para colocar os sacos bigbag de estruturante no seu interior.	5	3
1.3.- O aspecto estético. Valorarase a súa integración estética e visual cos CCC.	4	3
2.- Factores ambientais. Uso de materiais reciclados ciclo de vida:	10	8
2.1.-Material utilizado na súa fabricación. Valorarase que os caixóns estean fabricadas con material reciclado.	4	3
2.2.-No caso de que o material utilizado para a fabricación dos caixóns procedan de plantacións sustentables, deberán acreditarse a correspondente certificación PEFC, FSC ou similares.	3	3
2.3.- Valorarase o protocolo de recollida e tratamento unha vez que os caixóns pasen a ser un residuo.	3	2
TOTAL:	25	18

LOTE 2: BANCOS DE FERRAMENTAS (mostra rexistrada o 10.05.2022 ás 10:03:18 co número 2022012865).

Unha vez comprobado que a oferta técnica presentada pola empresa Vermican cumpre con todos os requisitos técnicos contemplados no PPT, procedemos á súa valoración atendendo a cada un dos criterios baseados en xuízos de valor definidos no PCAP.

1.- Deseño, robustez e facilidade operativa (máximo 15 puntos)

O banco de ferramentas ofertado ten unhas dimensións de 40 cm de altura, 40 cm de profundidade e 190 cm de ancho. As catro paredes fabricadas en plástico 100% reciclado, mentres que a tapa superior e o fondo están fabricadas en taboleiro hidrófugo contrachapado tipo wisa.

Os caixóns teñen un peso de 79 kg aproximadamente e todos os seus elementos están exentos de CFC.

A tapa superior está construída nunha soa peza e conta con dous pistóns que suxeitan a tapa impedindo a apertura total; ademais conta cun peche frontal mediante un candeeado.



Están fabricados co mesmo plástico reciclado que as unidades modulares dos centros de compostaxe polo que aporta unha lata unidade visual.

A vida útil do caixón é de, a lo menos, 6 anos de maneira efectiva, cunha garantía de 3 anos.

Para evitar os pandeos das paredes do banco, estas contan con reforzos internos e tamén na base.

Unha vez analizado o caixón de mostra, concluímos que:

- ✎ Presenta unha robustez e estabilidade aceptable ao movemento.
- ✎ Polas súas dimensións facilita a colocación das diferentes ferramentas no seu interior.
- ✎ Presenta unha continuidade estética o ser fabricado cos mesmos listón que as unidades dos centros de compostaxe.
- ✎ O deseño da tapa impide a entrada de auga de choiva no interior e sinxela apertura gracias a os pistóns cos que conta.



2.- Factores ambientais. Uso de materiais reciclados ciclo de vida (máximo 10 puntos):

A oferta de Vermican indica que o material utilizado para a fabricación dos bancos é 100% reciclado e reciclable. Os principais compoñentes de plástico son: polietileno (LDPE/HDPE) e polipropileno (PP).



As partes do banco non fabricadas en plástico reciclado están construídas en taboleiro contrachapado hidrófugo tipo wisa. A madeira utilizada na súa fabricación contén o selo PEFC de manexo sostible e custodio da cadea de subministro da madeira e presenta emisións de formaldehído por debaixo dos requisitos legais, así como de metais pesado e outros elementos químicos.

A vida útil do plástico reciclado é de 20 anos.

O taboleiro está feito exclusivamente de chapas de bidueiro cruzadas e alternas e conta coa certificación ISO 14001 e 9001, e dicit, normas que establecen os requisitos internacionais para os sistemas de xestión ambiental e normas de sistemas de xestión de calidade que se centran nos elementos de administración da calidade da organización que permitirá administrar e mellorar os seus produtos e servizos.

A empresa comprométese a realizar a recollida dos caixóns unha vez finalice a súa vida útil no almacén que dispoña a Deputación de Pontevedra e trasladalos ata un punto de reciclaxe ou ben restauralos e reutilizalos.

3.- CADRO DE VALORACIÓN

No seguinte cadro resúmese a puntuación obtida pola empresa Vermicán para o Lote 2:

	PUNTOS	VERMICAN
1.-Deseño, robustez e facilidade operativa dos bancos para ferramenta: Valorarase a ergonomía da tapa para evitar a entrada de auga no seu interior, a facilidade de manexo polas persoas usuarias e as características específicas de deseño dos bancos para ferramentas en canto a robustez, forma e características de todos os seus elementos; tamén se valorará o aspecto estético.	15	10
1.1.- Ergonomía da tapa. Valorarase que a forma da tapa sexa tal que pechada non permita a entrada da auga da choiva no seu interior, ou calquera outro líquido, nin a acumulación de auga sobre elas de xeito que non exista posibilidade algunha de escorrentar ata o interior pola acción da súa apertura; ademais, terase en conta a facilidade de manexo polas persoas usuarias.	6	4
1.2.-Robustez dos bancos. Valorarase a firmeza e resistencia mecánica dos bancos.	5	3
1.3.-O aspecto estético. Valorarase a súa integración estética e visual cos CCC.	4	3
2.-Factores ambientais. Uso de materiais reciclados ciclo de vida (máximo 10 puntos):	10	8
2.1.-Material utilizado na súa fabricación. Valorarase que os bancos estean fabricadas con material reciclado	4	3
2.2.-No caso de que o material utilizado para a fabricación dos bancos procedan de plantacións sustentables, deberán acreditarse a correspondente certificación PEFC, FSC ou similares	3	3
2.3.-Valorarase o protocolo de recollida e tratamento unha vez que os bancos de ferramentas pasen a ser un residuo.	3	2
TOTAL:	25	18



CONCLUSIÓN

Tendo en conta as diferentes valoracións realizadas en función dos parámetros establecidos para a avaliación da única proposta presentada, a puntuación acadada en cada un dos lotes é a seguinte:

	EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
<i>LOTE 1: subministración e transporte de composteiros individuais (COIN) con capacidade entre 300 e 400 litros + compoñentes individuais (aireador e termómetro de compostaxe).</i>	VERMICAN	18

	EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
<i>LOTE 2: subministración e transporte de composteiros individuais (COIN) de gran tamaño con capacidade entre 800 e 900 litros + compoñentes individuais (aireador e termómetro de compostaxe).</i>	VERMICAN	18

Como queira que a empresa VERMICAN supera en cada un dos lotes o 50% da puntuación máxima outorgada neste apartado, propónse que se proceda a apertura do sobre B relativo aos criterios avaliados mediante fórmulas.

Informe que lle traslado aos efectos oportunos.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A Xefa de sección de residuos.

María Martínez Abraldes

MESA DE CONTRATACIÓN.

